

## ENSINO PRIVADO SEN CONCERTAR

### **POR QUE A CIG-ENSINO NON ASINOU O VIII CONVENIO ?**

Logo de varios meses de negociación, o pasado día 15 de febreiro asinouse o VIII Convenio Colectivo de ámbito estatal de Centros de Ensino Privado de Réxime Xeral ou Ensino Regrado sen ningún nivel Concertado ou Subvencionado, polas patronais do sector e as organizacións sindicais CCOO, UGT e USO.

Desde CIG-Ensino valoramos moi negativamente este acordo e sentímonos alarmados por algunha das consecuencias que vai traer para o persoal que traballa nos centros afectados. Consideramos que, ademais de non aportar ningún tipo de mellora nos temas máis importantes (retribucións e horario laboral entre outros), supón un importante retroceso no que se refire a dereitos esenciais xa conquistados para os traballadores e traballadoras, como ocorre co Complemento de Antigüidade. Expoñemos a continuación as razóns que nos levaron a non asinar este acordo:

#### **COMPLEMENTO DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL:**

Este é, para nós, un dos asuntos máis importantes do novo texto, e que consideramos moi lesivo para todo o persoal. Este Complemento contemplado no art. 66 do Convenio sustitúe a partir de xaneiro do 2006 ao anterior Complemento de Antigüidade coas seguintes novidades:

- ✓ Computarase cada 5 anos, cando a Paga anterior era por trienios.
- ✓ Estará ligada á formación, tendo que acreditar neses 5 anos un determinado nº de horas, en función dos grupos de traballo.
- ✓ A formación será organizada ou expresamente autorizada pola empresa.
- ✓ Non poderán superar unha serie de porcentaxes do salario base das correspondentes categorías (20% para persoal docente, 30% para persoal non docente e 40% para o persoal dos grupos II e III).

#### **QUE CONSECUENCIAS TRAE ESTE CAMBIO PARA O PERSOAL AFECTADO ?**

- ✓ Se se quere fomentar a formación para propiciar a competitividade e mellorar a calidade, introdúzase outro complemento específico ou possibilítase esa formación a costa das horas de traballo, pero non é de recibo eliminar un complemento consolidado e que prima a permanencia no posto de traballo.
- ✓ Mantén a discriminación polas grandes diferencias entre a formación que se considera necesaria para uns colectivos e outros.
- ✓ Este novo Complemento comezarase a percibir, como moi cedo, no 2008, xa que todo o persoal que cumprira un trienio no 2006 deberá agardar dous anos máis para ter dereito a cobralo. A cantidade percibida como Coplemento de Antigüidade quedará conxelada.
- ✓ Supedita o importe de dito Complemento ao indicado nas táboas salariais contempladas no presente Convenio.

- ✓ Tendo en conta as táboas salariais e as porcentaxes máximas aplicables, pode darse un desfase económico a favor da empresa. Como exemplo, o salario base dun/unha profesor/a titular é de 1207,64 €. O 20% desa cantidade é 241,52 €. Esa é a cantidade máxima que poderá percibir, cando ese persoal, coas táboas actuais e 6 quinquenios debería cobrar 250,49 € (41,57 € x 6).
- ✓ O incremento entre a cantidade anual a percibir co anterior complemento e o actual (en torno a un 5%), queda amortizado ou deficitario polos dous anos de espera para cobralo e o IPC anual.

**PERO, AÍNDA HAI MÁIS MOTIVOS PARA NON ASINAR ESTE CONVENIO:**

- ✓ Suba salarial do 2% para o 2005 (o IPC foi do 3,7%) e 3,7% para o 2006 para todos os conceptos e todos/as os/as profesionais dos anexos III e IV, que supón perda de poder adquisitivo.
- ✓ Mantense unha xornada laboral que segue a ser abusiva e excesiva, e está aínda lonxe de homologarse co persoal dos centros públicos ou concertados.
- ✓ Establecemento dun periodo de proba de ata 11 meses para persoal docente con contrato indefinido.
- ✓ Ampliación dun mes máis por cada trienio en caso de IT, pero vinculada exclusivamente a accidente de traballo (antes era para calqueira tipo de baixa).
- ✓ A cláusula de descolgue marca unha porcentaxe demasiado reducida de perda de alumnado (3%), que chegaría aos centros para eximilos de aplicar as novas táboas salariais. É moi abusiva.
- ✓ Para rematar, e tendo en conta todos estes aspectos negativos, as patronais "amarraron" ben o acordo, poñéndolle un ámbito temporal de aplicación ata decembro de 2009, sen posibilidades de negociar durante todos estes anos.

Por todo isto, desde a CIG-Ensino, queremos denunciar a actitude doutras organizacións sindicais que, lonxe de defender os intereses dos/as traballadores/as a quen representan, acaban plegándose aos intereses das patronais.

Esto podería evitarse se, tal e como vimos demandando dende hai tempo, fósemos capaces de negociar un Convenio Galego para o sector, que sexa negociado contando co persoal afectado e tendo en conta as súas demandas e características propias.



**Os nosos locais**

15706. Santiago. ☎ Rua Miguel Ferro Caaveiro nº 10 ☎ 981576800 ☎ 981575839

**15007. A Coruña**

☎ Alfonso Molina s/n  
☎ 981169810 ☎ 981291735

**36780. A Guarda**

☎ Praza da Guía 3, baixo  
☎ 986610465 ☎ 986610465

**36947. Cangas**

☎ Atranco 19A, ench. 1  
☎ 986302987 ☎ 986302987

**15403. Ferrol**

☎ Eduardo Pondal 41-43,  
☎ 981358750 ☎ 981358760

**27003. Lugo**

☎ Rda da Muralla 58, bxo.  
☎ 982245023 ☎ 982253891

**32003. Ourense**

☎ P. de San Lázaro 12, 1ºD  
☎ 988238350 ☎ 988222855

**36002. Pontevedra**

☎ Pasantería 1, 2ºesq.  
☎ 986861513 ☎ 986855050

**27700. Ribadeo**

☎ Avda de Galicia 20, 1º  
☎ 982129593 ☎ 982129593

**32600. Verín**

☎ Pedro Gonzalez 5, 1º  
☎ 988412345 ☎ 988411013

**36205. Vigo**

☎ Gregório Espino 47, bxo.  
☎ 986827935 ☎ 986262844

**36600. Vilagarcía**

☎ Alexandre Bóveda 2, 2º  
☎ 986505323 ☎ 986505323

**27850. Viveiro**

☎ García Dóriga s/n  
☎ 982561541 ☎ 982551985